

# Círculos: Grupos de alumnado e matriculación

Xestión e organización do alumnado dun centro en círculos, e a súa matriculación nos cursos baseada nos círculos.

Sitio: Aula Aberta Webs Dinámicas

Curso: Moodle 2.6 - Documentación para o administrador

Libro: Círculos: Grupos de alumnado e matriculación

Impreso por: Usuario convidado

Data: Mércores, 26 de Agosto do 2020, 18:57

# Táboa de contidos

1. Introducción
2. Creación de Círculos
3. Asignación de usuarios a Círculos

# 1. Introducción

Nas antigas versións 1.x de Moodle, o concepto de grupo existía só dentro de cada curso e así podía utilizarse para separar alumnado de distintos grupos-aula (p.e. 2ºA-ESO e 2ºB-ESO), ou para agrupar ao alumnado dunha mesma aula en distintos grupos de traballo. Así cada profesor debía crear os grupos precisos no seu curso e asignar a cada grupo o alumnado correspondente. Pero non existía unha definición de grupos a nivel da aula virtual que se correspondese cos grupos de alumnos do centro educativo. Isto implicaba que cada profesor para cada curso tiña que compoñer os seus grupos de alumnos.

Para solucionar esta carencia, as novas versións 2.x de Moodle ofrécennos o que chaman **Círculos**, tamén referidos como *cohorts* ou system-groups.

Estes **Círculos** son grupos nos que organizaremos o alumnado igual que se fai a nivel de centro educativo. Cada Círculo pode ser creado no contexto do sistema ou no contexto dunha categoría de cursos. No primeiro caso estarán dispoñibles para todos os cursos da aula virtual, e no segundo caso estarán dispoñibles nos cursos desa categoría e subcategorías.

Así, podemos crear un Círculo para cada un dos grupos de alumnado do centro educativo e logo utilízalos para matricular a todo o alumnado do grupo en cada curso, é dicir, que non temos que matricular en cada curso a cada un dos seus alumnos/as, senón que matricularemos nunha sóa operación a tódolos alumnos/as dun Círculo. Ademais os Círculos poden quedar sincronizados cos cursos e as altas e baixas que se produzan nos círculos reflexaranse automaticamente nos cursos, así se un alumno/a marcha do Centro educativo, ao dalo de baixa no Círculo do seu grupo tamén se dará de baixa nos seus cursos; se ven un alumno/a novo ao centro, ao inscribilo no Círculo do seu grupo, quedará matriculado automaticamente nos seus cursos. Se un alumno cambia de grupo no centro, ao cambialo de Círculo causará baixa nos cursos nos que estaba matriculado polo Círculo de orixe e será matriculado nos cursos do Círculo de destino.

## 2. Creación de Círculos

Como dicíamos anteriormente un **Círculo** créase no contexto do Sistema ou no contexto dunha categoría de cursos. Na seguinte imaxe vemos os Círculos existentes na categoría Educación Secundaria Obligatoria:

**Categoría: Educación Secundaria Obligatoria: círculos dispoñíbeis (3)**

Buscar un círculo

| Nome  | ID do círculo | Descrición                             | Tamaño do círculo | Orixe              | Editar                                                                                                                                                                                                                                                      |
|-------|---------------|----------------------------------------|-------------------|--------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| ESO1A | ESO1A         | Alumnado do grupo A do 1º curso da ESO | 0                 | Creada manualmente |    |
| ESO1B | ESO1B         | Alumnado do grupo B do 1º curso da ESO | 0                 | Creada manualmente |    |
| ESO2A | ESO2A         | Alumnado do grupo A do 2º curso da ESO | 2                 | Creada manualmente |    |

Figura 1: Círculos nunha categoría

Para acceder ao formulario cos círculos existentes no contexto dunha categoría de cursos, debemos acceder á administración da categoría por **Administración do sitio > Cursos: Engadir/Editar cursos**, e logo alí no menú de administración da categoría ir á opción **Círculos**. Vémolo nesta imaxe:




Figura 2: Acceso aos círculos dunha categoría.

### Creación dun novo Círculo

A creación dun novo Círculo pode facerse desde unha categoría ou desde a ruta **Administración do sitio > Usuarios > Contas: Círculos**.

Para crear un novo Círculo, no formulario anterior pinchamos no botón **Engadir**, que nos leva ao seguinte formulario:

## Engadir un novo círculo

Nome\*

Contexto

ID do círculo

Descrición

Parágrafo

B

I

Alumnado do grupo A do 2º curso da ESO

Ruta: p

Figura 3: Engadindo un novo Círculo

Na imaxe anterior damos de alta un novo Círculo para o alumnado do grupo A do segundo curso de Educación Secundaria Obrigatoria:

- Nome: Campo obligatorio. Utilizaremos un pneumotécnico significativo e o máis breve posible. Pode haber varios círculos co mesmo nome na aula virtual, incluso dentro do mesmo contexto pero o recomendable é que non se repitan, a lo menos dentro do mesmo contexto.
- Contexto: Se eleximos Sistema, o círculo estará dispoñible para matricular aos seus alumnos en tódolos cursos da aula virtual. Se temos a aula virtual organizada en categorías que corresponden con ensinanzas, ciclos, ou niveis educativos podemos crear cada círculo no contexto da categoría que lle corresponde (coma neste exemplo que ao ser un grupo da ESO o creamos no contexto da ESO), e así estará dispoñible só para os cursos desa categoría.
- IDentificador do Círculo: Campo opcional. Non pode haber dous círculos en toda a aula virtual con mesmo identificador. Podemos poñer o mesmo que no nome se é único. Este campo é necesario se queremos utilizar o sistema de carga de usuarios para asignar os usuarios aos círculos, xa que é este identificador o que utilizaremos na columna *cohort* do ficheiro de datos.
- Descrición. Opcional.

### Administración dun círculo.

Podemos realizar tres operación de administración sobre un círculo: Eliminalo, Editalo, Asignarlle usuarios.

| Botón                                                                               | Función                                                                                  |
|-------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------|
|  | Eliminar o Círculo                                                                       |
|  | Editar o Círculo. Poderemos cambiar o nome, o contexto, a identificación e a descrición. |
|  | Asignar usuarios ao círculo. Lévanos a un formulario para asignar usuarios ao Círculo    |

Veremos a asignación de usuarios no seguinte capítulo.

### 3. Asignación de usuarios a Círculos

Un vez creado un círculo para un grupo de alumnado do centro, o que temos que facer e meter nese círculo ao alumnado correspondente. Temos dous xeitos de facelo:

- Manualmente seleccionando os usuarios dunha lista
- Mediante a carga dun ficheiro con datos de usuarios

#### Asignación manual de usuarios.

Debemos acceder ao formulario de administración no que estea o círculo (contexto do sistema ou unha categoría de cursos), e ahí pincharemos no botón de asignar usuarios (  ), o que nos levará ao seguinte formulario:



**Círculo «ESO2A» membros**

A retirada dos usuarios dun círculo pode resultar nunha desmatriculación de usuarios de múltiples cursos, o que inclúe a eliminación da configuración do usuario, as cualificacións, a pertenza a grupos e outra información dos usuarios dos cursos afectados.

| Usuarios actuais                                        |                 | Usuarios potenciais                                   |
|---------------------------------------------------------|-----------------|-------------------------------------------------------|
| <b>Usuarios actuais (3)</b>                             | <b>Engadir</b>  | <b>Usuarios potenciais (6)</b>                        |
| Oscar Manuel Martínez Pérez (nonresponder@edu.xunta.es) |                 | Admin Centro (admin@edu.xunta.es)                     |
| Juan Patiño de la Rosa (nonresponder@edu.xunta.es)      |                 | Juan Carlos (juan@edu.xunta.es)                       |
| Alumno Uno (nonresponder@edu.xunta.es)                  | <b>Eliminar</b> | Oscar Martínez Rama (oscar@edu.xunta.es)              |
|                                                         |                 | Abalar Ortigueira (abalar@edu.xunta.es)               |
|                                                         |                 | Carmen Villamarín (carmen@edu.xunta.es)               |
|                                                         |                 | Webmaster Webs Dinámicas (websdinamicas@edu.xunta.es) |

Figura 4: Asignación manual de usuarios a un círculo.

Na lista á esquerda deste formulario temos os usuarios que xa están no círculo e na lista da dereita o resto de usuarios da aula virtual. Seleccionaremos o usuario ou usuarios que queremos engadir ou quitar do círculo na lista correspondente e cos botóns Engadir e Eliminar levaremos a cabo a operación desexada.


**Debemos fixarnos na mensaxe de advertencia que aparece ao principio, que ven a dicir que se quitamos un usuario (alumnos/a) do círculo e este círculo está sincronizado coa matriculación nalgún curso, o usuario será desmatriculado deses cursos perdéndose toda a información relativa á participación do usuario no curso (entrega de tarefas, participación en foros, cualificacións, etc).**

Este sistema pode resultar moi tedioso para atopar e asignar os usuarios dun grupo. Un truco que pode axudar moito é facer que os usuarios (alumnos e alumnas) incluan no seu nome de pila ou apelido un nemotécnico do grupo ao que pertencen.

#### Asignación mediante a carga dun ficheiro con datos de usuarios

Outra solución é utilizar a función de Moodle para a carga masiva de usuarios. Se no ficheiro de datos de usuarios engadimos a columna **cohort1** e nela poñemos para cada usuario o **identificador do círculo** (campo ID) no que o queremos meter, Moodle fará esta asignación cando carguemos ese

ficheiro para dar de alta aos usuarios ou cando o carguemos para actualizalos. Se os usuarios xa existen sería suficiente un ficheiro co par de columnas: **username**, **cohort1**. Na seguinte imaxe vemos un exemplo.



|   | A                          | B       |
|---|----------------------------|---------|
| 1 | username                   | cohort1 |
| 2 | oscarmanuel.martinez.perez | ESO2A   |
| 3 | juan.patino.delarosa       | ESO2A   |
| 4 |                            |         |

Figura 5: Ficheiro CSV para asignar usuarios aos círculos.

Ademais, na configuración do formulario de carga debemos seleccionar:

- Upload type = *Update existing users only* (se os usuarios xa existen)